



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Proxectos 7	Código	630G01031	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Meijide Tomas, Jorge Vicente	Correo electrónico	jorge.meijide@udc.es	
Profesorado	Meijide Tomas, Jorge Vicente	Correo electrónico	jorge.meijide@udc.es	
Web	www.udc.es			
Descrición xeral	<p>Las intenciones básicas que sustenta el desarrollo de la asignatura son:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) Promover en las alumnas y los alumnos el conocimiento de sí.</li> <li>2) Establecer el diálogo con la realidad a partir del reconocimiento de deseos y necesidades propias.</li> <li>3) Ahondar en la realidad cuya veracidad viene dada por actuales formas de vida y su repercusión social.</li> <li>4) Considerar la vida cotidiana como generadora de formas y relaciones espaciales.</li> <li>5) Estudiar la influencia del género en la organización espacial.</li> <li>6) Entender el espacio construido como el lugar donde se desarrollan las relaciones humanas y como lugar simbólico de conexión entre el pasado y el futuro.</li> <li>7) Comprender y reconocer el ?genius loci?, el alma del lugar.</li> </ol>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
<p>Ao superar este materia, o alumno deberá estar en condicións de:</p> <p>-Elaborar proxectos de complexidade media, nos que se satisfagan adecuadamente as exigencias compositivas, espaciais, técnicas e funcionais inherentes ao diseño arquitectónico e urbanístico.</p> <p>-Integrar dentro do proceso compositivo y de proxectación arquitectónica a aprendizaxe das asignaturas de perfil tecnolóxico e urbanístico, cunha metodoloxía que permita a aplicación práctica dos contidos teóricos de todas elas nun proxecto de complexidade media.</p> <p>-Utilizar o contido do bloque docente A vivienda 1. Normativa, estándares. O barrio e o espacio urbano, resolvendo proxectos de ordenación de vivendas que permitan unha visión global das circunstancias que conforman as relacións complexas que se dan nun LUGAR.</p> <p>O cambio de escala respecto a cuatrimestres anteriores e a amplitude dos traballos a realizar obriga a utilizar experiencias e coñecementos adquiridos noutras disciplinas, así como na vida diaria de alumnas e alumnos. Tamén, aparecen outros elementos de coñecemento como o traballo de campo e entrevistas cos veciños que impulsan propostas de investigación adaptándose ás necesidades dos seus habitantes. O traballo do taller está situado en espazos urbanos de transición ou vilas. Se proxectan diferentes tipos de vivendas que dan resposta a distintos grupos sociais, organizacións familiares ou formas alternativas de vivir. Os proxectos desenvólvense a nivel de proxecto básico e de execución, dende as ideas iniciais ata a elaboración máis detallada, incluíndo a definición dos seus materiais e a súa construción e a incorporación, deseño e dimensionado de elementos estruturais. Trabállase coas normas sobre a habitabilidade, eliminación de barreiras, os criterios de evacuación, código técnico, normativa urbanística...</p>	A1	B1	C1
	A2	B2	C4
	A7	B3	C5
	A10	B4	C6
	A18	B5	C7
	A19	B8	C8
	A20	B9	
	A25	B10	
	A30	B11	
	A34	B12	
	A35	B13	
	A36	B14	
	A37	B15	
	A38	B18	
	A47	B20	
	A48	B23	
	A49	B24	
	A50		
	A51		
	A52		



Contidos	
Temas	Subtemas
A VIVENDA I	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Arquitecturas do espontáneo e o intuitivo. O refuxio</li> <li>- Vivenda e ordenación</li> <li>- O espazo público e colectivo</li> <li>- Borde e permeabilidade.</li> <li>- Arquitectura e escala</li> <li>- Soleamento, ventos e relacións visuais</li> <li>- Os accesos, as relacións coa paisaxe e as conexións internas</li> <li>- Circulacións. Tráfico e peóns. Aparcadoiros</li> <li>- Vexetación, pavimentación, iluminación e mobiliario urbano</li> <li>- Espazo e xénero. Organización e roles familiares</li> <li>- Vivenda e familia</li> <li>- Os grupos sociais e as organizacións familiares alternativas</li> </ul>
NORMATIVA I	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Normativa local, estatal e autonómica</li> <li>- Normativa urbanística</li> <li>- Normativa de supresión de barreiras</li> <li>- Normativa de promoción pública e protección oficial</li> <li>- O Código Técnico da Edificación.</li> </ul>
EXERCICIOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Proposta libre sobre un tema de vivenda</li> <li>- Análisis dun emplazamento. Condicionantes do lugar, físicas, culturais e sociolóxicas</li> <li>- Vivenda colectiva</li> </ul>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais		2	0	2
Análise de fontes documentais		0	11	11
Aprendizaxe colaborativa		4	10	14
Discusión dirixida		5	0	5
Esquemas		0	7	7
Obradoiro		15	21	36
Traballos tutelados		14	21	35
Proba obxectiva		1	0	1
Portafolios do alumno		0	20	20
Sesión maxistral		15	0	15
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Nas primeiras clases do curso fórmulanse ao alumno tests e probas gráficas que permitan coñecer o nivel previo co que parte o alumno. As devanditas probas realizaranse na aula. Propórase tamén un exercicio de aproximación ó traballo do cuatrimestre.



Análise de fontes documentais	Antes de iniciar o desenvolvemento material dos traballos no TALLER, procederase á análise das fontes documentais relacionadas co tema proposto mediante a utilización de de documentos audiovisuais, bibliográficos, reportaxes documentais, paneis gráficos, fotografías, maquetas, artigos, textos informativos, normativa de aplicación, etc. Os grupos (profesor - alumnos) analizan a documentación dispoñible e amplíana, elaborando unha síntese das distintas fontes documentais. Complementábase esta análise con intervencións de profesionais da arquitectura e doutros campos, que serán invitados a efectuar charlas e coloquios con desenvolvemento de temas concretos e experiencias persoais.
Aprendizaxe colaborativa	A clase organízase en pequenos grupos de traballo, onde os alumnos traballan conxuntamente para resolver as tarefas asignadas polo profesor. Organízase ao grupo para obter a máxima información posible e compartila (análise do parcelario, busca de exemplos, de normativas, construción da maqueta xeral do emprazamento, toma de datos ou medicións in situ, tratamento infográfico da documentación obtida, etc.). Este traballo está guiado de forma presencial polo profesor asignado. Trátase de optimizar a aprendizaxe individual e o do grupo.
Discusión dirixida	Tanto o traballo de grupo coma o individual expóñense de xeito público para incitar os membros do grupo a intervir no proceso creativo propio e alleo, de forma libre, informal e espontánea.
Esquemas	Os datos obtidos nas análises, así como as intencións do proxecto, exprésanse de forma gráfica simplificada nas primeiras fases de cada traballo. Son as fases de información previa e anteprojecto. Iníciase a síntese.
Obradoiro	Os proxectos desenvólense mediante a combinación de diversas metodoloxías e probas: asistencia a exposicións, conferencias, análise de problemas concretos do programa. O alumno realiza tarefas eminentemente prácticas en cada un dos exercicios do curso, sempre co apoio e baixo a supervisión do profesorado.
Traballos tutelados	Preténdese promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor. Refírese á aprendizaxe de &quot;como facer as cousas&quot;, é o estudante o que asume a responsabilidade da súa formación.
Proba obxectiva	Farase unha proba obxectiva sobre os contidos presentados nas sesións expositivas, que configuran o marco teórico e normativo da asignatura. Pódese pedir tamén un exercicio práctico.
Portafolios do alumno	Como resultado do seu traballo ao final do cuadrimestre, o alumno terá elaborado o seu portafolios da materia, accesible a través da plataforma docente Moodle. Este obxecto final, desenvolvido a través das sesións en grupos e no taller, servirá de base á cualificación e curriculum persoal do alumno.
Sesión maxistral	Periodicamente realízanse conferencias ou exposicións, relacionadas co tema a tratar en cada exercicio. Onde o relator expón de forma oral e/ou gráfica a información aos alumnos. Nestas sesións apórtase parte do contido teórico da asignatura, que formarán parte da proba obxectiva.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Traballos tutelados Obradoiro Discusión dirixida	O alumno recibe atención personalizada concernente ao traballo que está a desenvolver na materia e no Taller, a través do profesor do grupo ao que fose asignado. No Taller, ademais, terá a posibilidade de comentar e obter revisións críticas por parte dos profesores dos demais grupos e materias, para poder contrastar opinións e criterios e confrontalos cos propios.  O portafolio do alumno será obxecto de revisións personalizadas, para observar a súa evolución e constatar a súa autoría.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Portafolios do alumno		O resultado final dos traballos realizados na materia plasmarase no portafolios persoal do alumno, físico e dixital, dispoñible físicamente en papel e accesible a través da ferramenta informática para a docencia Moodle.  Avalíanse os resultados, pero a través dun proceso docente tutelado e guiado, onde o esforzo persoal e a evolución intelectual do alumno deberán aparecer reflectidos na documentación final.	80
Proba obxectiva		Os coñecementos instrumentais contidos no temario de docencia expositiva, teóricos e prácticos, do curso serán avaliados mediante unha proba obxectiva.	20

### Observacións avaliación

Para poder superar a materia será necesario cumprir os seguintes requisitos: 1º Entregar todos os traballos propostos nos prazos e formas indicados nas materias implicadas no Taller. 2º Asistir regularmente as clases e ao Taller. Esixírase unha asistencia mínima do 80% 3º Facer a proba obxectiva

Terá a condición de NON PRESENTADO o/a alumno/a que se atope nalgunha das seguintes circunstancias: 1º Non cumpra a asistencia esixida ás clases e ao Taller. 2º Non entregue os traballos propostos en forma e prazo, ou os entregue incompletos. Consideraranse incompletos aqueles traballos que non conteñan a documentación requerida en tódalas asignaturas que compoñen o Taller. 3º Non asista á proba obxectiva.

De acordo co establecido na memoria do Título de Grao de Arquitecto, convocarase unha Xunta de Avaliación do taller, que analizará os resultados globales do mesmo e dirimirá, no seu caso, sobre as situacións especiais de avaliación do alumnado.

Cando non se supere a asignatura na primeira oportunidade, se permitirá completar e modificar os traballos presentados no taller, sempre que se teña cumprida a asistencia mínima, todos os traballos entregados de tódalas asignaturas implicadas no taller e a proba obxectiva da primeira oportunidade feita. Para superar a asignatura, neste caso, é obrigatoria a realización da proba obxectiva da segunda oportunidade.

Os alumnos que non superen en ningunha das dúas oportunidades a materia de Proxectos 7 deberán cursar o taller o ano seguinte. Neste caso, os alumnos, ademais de Proxectos 7, desenrolarán os traballos das materias que non houberan superado no taller do ano anterior.

Aqueles alumnos que, superada a materia de Proxectos 7, non superaran algunha das outras materias do taller, terán que presentar, en consecutivas convocatorias, de novo e coas correccións oportunas, os traballos propostos no taller no que participaron.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	Normas do hábitat galego Código Técnico de la Edificación
<b>Bibliografía complementaria</b>	Diversos ensayos sobre las componentes específicas del proyecto

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Proxectos 6/630G01026  
 Construción 4/630G01027  
 Estruturas 3/630G01028  
 Urbanística 3/630G01029

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Urbanística 4/630G01032  
 Construción 5/630G01033  
 Estruturas 4/630G01034

#### Materias que continúan o temario

Proxectos 8/630G01036

### Observacións



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías